



PROXECTO DE FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA

IES VALADARES (VIGO) CURSO 2023/2024

1. BREVE ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA

O IES Valadares está ubicado na parroquia do mesmo nome, unha das que conforman a periferia no concello de Vigo e que conserva aínda un carácter semirural. O centro recibe alumnado desta parroquia e doutras limítrofes, Matamá, Beade, Zamáns..., que comparten as mesmas características. En xeral, podemos dicir que os habitantes desta zona maiores de trinta anos utilizan o galego como lingua habitual de relación, mais nas novas xeracións estase a producir unha mudanza lingüística, común a outras zonas periurbanas de Galicia, de xeito que crianzas e mocidade exprésanse, sobre todo entre eles, normalmente en castelán. Para dar coa explicación a este feito debemos ter basicamente en conta os seguintes factores:

a. As nais e pais falan maioritariamente en galego entre eles e cos familiares e amigos da súa idade ou maiores, mais apréndenlles a falar ás súas fillas e aos seus fillos en castelán e diríxense a eles case exclusivamente nesa lingua.

b. Están aínda vixentes prexuízos lingüísticos que vencellan o emprego do galego co ámbito rural e familiar e o do castelán co ámbito urbano e a modernidade. Dito doutro xeito, a situación diglósica está moi presente no contorno do noso centro. Estes prexuízos están moi vivos na chegada do alumnado ao instituto, aínda que pouco a pouco van mudando as actitudes e cando rematan os seus estudos no centro a súa visión da realidade sociolingüística acostuma mudar radicalmente.

c. Se ás circunstancias mencionadas engadimos o desexo da mocidade de integrarse, en xeral, na vida urbana dunha cidade fortemente castelanizada como Vigo, entenderemos por que unha alta porcentaxe se expresa case exclusivamente en castelán.

Por outra parte, dende hai catro cursos o centro recibe tamén alumnado da parroquia de Navia, máis apegada ao centro urbano; de feito é un importante barrio residencial da cidade. Neste barrio, a situación muda bastante, dado que a maior parte da cidadanía desta zona é xente nova, practicamente toda instalada no castelán.

Polo que respecta á situación lingüística no noso centro, cómpre facer tamén varias consideracións:

a. A xestión administrativa do centro realízase totalmente en galego a nivel escrito: documentación administrativa e pedagóxica, documentos de relación coas familias e coas institucións da contorna e anuncios de todo tipo dirixidos á comunidade

escolar redáctanse na nosa lingua. A nivel oral a situación muda significativamente, como por exemplo á hora de tratar coas familias ou de atender o público, aínda que tamén se utiliza o galego.

b. O profesorado imparte as materias correspondentes na lingua asignada pola administración e polo claustro, en segunda instancia, establecendo un teórico equilibrio entre galego e castelán, mais utilízase en maior medida o castelán como lingua de relación co alumnado e co resto da comunidade educativa, malia que a situación varía dependendo dos usos lingüísticos do profesorado que se incorpora cada ano e do seu compromiso coa lingua de noso.

c. O alumnado exprésase maioritariamente e de xeito case exclusivo en castelán, e só emprega o galego naquelas clases de lingua galega ou, máis minoritariamente, naquelas que se imparten nesta lingua, dado que coa entrada en vigor do Decreto de Plurilingüismo e a non obrigatoriedade de empregar a nosa lingua se viu rebaixada a súa presenza nas aulas, mesmo nas impartidas nela. Non obstante, xa co decreto anterior, o alumnado tendía a expresarse en castelán mesmo nas materias marcadas como obrigatorias en galego, incluída a de lingua galega, de xeito que o profesorado se ve na necesidade de lembrar constantemente que deben expresarse en galego.

Por todo o exposto, consideramos preciso tomar medidas para que o galego teña unha presenza maior na vida escolar e que o seu uso acade unha normalidade propia da zona en que vivimos.

2. OBXECTIVOS

- Defender o dereito, legalmente establecido, de todos os membros da comunidade escolar ao emprego do idioma galego, tanto oralmente coma por escrito.

- Superar os complexos lingüísticos manifestos ou subxacentes que poidan existir nos integrantes da nosa comunidade escolar á hora de empregar a nosa lingua.

- Promover entre o profesorado e o alumnado unha metodoloxía baseada en proxectos interdisciplinares para acadar aprendizaxes activas.

- Adquirir hábitos de traballo cooperativo entre o profesorado e entre o alumnado.

- Empregar a lingua galega en ámbitos relacionados coas novas tecnoloxías, a música, a ciencia, etc.

- Utilizar as TIC para a elaboración de materiais e actividades que fomenten a creatividade do alumnado.

- Aprender a expresarse con coherencia e corrección en lingua galega nos diferentes contextos traballados.

- Favorecer un estado de reflexión serena e construtiva sobre a realidade lingüística deste centro en particular e da sociedade galega en xeral, de xeito que se sinta como propia a necesidade de potenciar a aprendizaxe, emprego e espallamento do noso idioma como vehículo comunicativo habitual fóra e dentro da vida académica.

- Cambiar as actitudes pasivas e mesmo negativas verbo da lingua que aínda mantén unha parte do alumnado e do profesorado.

- Desenvolver o espírito crítico, a iniciativa persoal, a capacidade para planificar tarefas e asumir responsabilidades.

- Conseguir que o alumnado coñeza e supere os prexuízos que existen sobre o uso público da nosa lingua e vexa nela unha fonte de riqueza patrimonial, identitaria e mesmo económica, como elemento diferenciador que é.

- Atraer o interese doutros sectores da comunidade educativa (nais, pais, persoal non docente, etc.) sobre o traballo desenvolvido polo EDLG e conseguir a súa implicación no desenvolvemento das actividades.

- Trascender fóra do instituto e interaccionar con entidades e persoas alleas ao mesmo (malia que durante este curso vai ser máis difícil).

- Potenciar a investigación, difusión e coñecemento dos valores históricos, culturais... de Galicia e ver neles a achega desta comunidade ó ben cultural universal.

- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

- Coñecer, interpretar e valorar os movementos de protesta ao longo da historia e a defensa dos desfavorecidos en cada época.

- Elaborar materiais que poidan ser aproveitados por outras entidades sen ánimo de lucro coa finalidade de dar a coñecer os movementos de protesta que reflicten as inxustizas que se produciron ao longo da historia e que inda persisten nas sociedades actuais.

Para a consecución destes obxectivos deseñamos un plano de fomento do uso do galego a través de distintas actividades e propostas.

3. O EQUIPO

Para o presente curso o equipo está formado polos seguintes membros:

Profesorado: (por confirmar)

Alumnado: (Por confirmar)

Coordinadora: Verónica Taboada Lorenzo

Intentaremos que o equipo estea formado por un amplo número de profesorado, así como de alumnado. Á parte das persoas que formaremos o equipo, buscaremos a colaboración e a coordinación con todos os departamentos e do todo o profesorado; e a implicación do maior número de alumnas e alumnos posible.

4. ACTIVIDADES

As actividades deseñadas están pensadas para que participe todo o alumnado e o profesorado, malia que non todos formarán parte de todas as actividades por cuestións organizativas de tempo, espazo etc.

4.1. ACTIVIDADES XERAIS

Actividades de realización anual, que teñen como periodicidade todo o curso escolar, e das que, puntualmente, partirán actividades concretas.

a) O EDLG do IES Valadares na Rede

Seguiremos desde o EDLG contando cun espazo na páxina web do centro con contidos relacionados coa dinamización e o fomento da nosa lingua. Incluímos aquí a actualización do blogue do EDLG www.abuguina.wordpress.com, aberto a alumnado e profesorado.

Crearemos unha conta de INSTAGRAM para Normalización Lingüística, dado que o alumnado é moi activo nesta rede social.

b) Colaboración coa radio escolar “Onda Valadares”

d) Apoio lingüístico aos membros da comunidade educativa

Como vén sendo habitual, o EDLG ofrece asesoramento lingüístico a calquera membro da comunidade educativa que o precise, así como o material que estea ao noso dispor para favorecer o emprego da nosa lingua en todo momento.

e) Colaboraremos co Centro Cultural e Veciñal de Valadares .

4.2. ACTIVIDADES RELACIONADAS CON FESTIVIDADES OU CELEBRACIÓNS

Ao longo do curso haberá celebracións ou conmemoracións específicas que aproveitaremos para encadrar e realizar actividades coa colaboración de todo o centro que estimulen o uso da lingua e que favorezan unha maior aceptación da mesma na vida escolar de toda a comunidade. Da mesma maneira, centrarémonos en celebracións propias do noso país.

a) Magosto

-

b) Nadal

- Realización de tarxetas de bos desexos.

Recomendacións de lecturas en galego para as vacacións.

Cantaremos (ou escoitaremos), en todas as clases ou nun acto común, unha panxoliña en galego para celebrarmos a chegada das festas e o aninovo.

- Coa intención de cumprir o obxectivo de concienciar as familias da importancia da transmisión lingüística, enviarémoslles virtualmente tarxetas de bos desexos animándoas a transmitirilles a lingua ás fillas e fillos.

c) Día de Rosalía (24 de febreiro).

Recital poético.

d) Entroido.

Deseñaranse carteis explicativos virtuais sobre os entroidos tradicionais galegos, con deseños dos traxes típicos e as súas partes. Faremos fincapé na figura do merdeiro en Vigo, pola proximidade xeográfica.

Promoveremos o deseño dos traxes por aulas. En cada aula un entroido.

e) Día das letras galegas (17 de maio). Os maios.

Difundiremos a figura e a obra da persoa á que se lle dedica o 17 de maio deste ano e como cada 17 de maio, se nos é posible, plantaremos unha sobreira.

Canto do himno galego en cada unha das clases.

Creación de carteis explicativos da orixe da celebración e das distintas celebracións que se publicarán no Blog, difundiranse por Instagram e na Aula Virtual.

En colaboración coa materia de Plástica crearemos uns maios para festexar durante a mesma celebración.

f) Día da poesía

Algunhas outras actividades ou propostas que xurdan ao longo do curso poden ser engadidas para promocionar todo o posible o uso do galego e a mellora da súa presenza nas aulas.

4.3. Outras actividades

A maiores das festividades anuais, consideramos incluír algunhas outras actividades que aínda están sen confirmar:

O correlingua durante o mes de maio para 2º da ESO.

- Un pasapalabra lingüístico deseñado sobre cuestións de dinamización lingüística que se poderá desenvolver ao longo da semana cultural.
- Unha conferencia de Xurxo Mariño para visibilizar a utilidade da lingua galega no eido científico.

- Unha conferencia sobre os esterotipos e prexuízos lingüísticos deseñada para os grupos de bacharelato e impartida por profesores universitarios que traballaron e son especialistas neste eido, Ana Iglesias e Xosé Henrique Costas.
- O cartafol da poesía. A creación dun espazo no recibidor do Instituto no que quincenalmente se recolla un novo poema na súa lingua orixinaria, con tradución ao galego nos casos nos que teñamos a posibilidade, para visibilizar este xénero entre o alumnado.

Recursos

- [Dicionario RAG](#)
- [Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego: 23ª ed.](#)
- [Dicionario de pronuncia da lingua galega](#)
- [Dicionario de pronuncia da lingua galega](#)
- [Recursos para aprender o galego](#)
- [Recursos para traballar en galego](#)
- [Publicacións](#)
- [Recursos para medrar en galego](#)
- [Sección de Lingua. Seminario de Onomástica](#)
- [Termigal](#)
- [Química O nome e o símbolo dos elementos químicos](#)
- [Táboa periódica dos elementos](#)

- [Dicionario de bioloxía: galego - castelán - inglés](#)
- [Vocabulario multilingüe de acuicultura: galego, español, inglés, francés, portugués](#)
- [Dicionario galego da televisión](#)
- [Formulario notarial](#)
- [Estudos de Onomástica Galega II. Os nomes e os apelidos: aspectos legais, sociais e lingüísticos](#)
- [Digalego](#)
- <https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-1>
- <https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-2>
- <https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-3>
- <https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-4>
- <https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-5>
- [Páxina de descarga de O ximnasio dos verbos](#)
- [Estudos de Onomástica Galega III. Os alcumes](#)
- [Os nomes das rúas:](#)
 - <http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/360>
- [TERGAL: Banco de termos galegos recomendados](#)
- [Ben falado!](#)
- [Ximnasio dos Verbos](#)
- [ATG|| Asociación de tradutores galegos](#)
- https://www.lingua.gal/recursos/para-aprender-o-galego/_/aprendelo/contido_0013/dicionario-visual-interactivo
- [Glosario básico de acceso aberto \(galego – inglés\)](#)
- [Glosario básico de acceso aberto \(galego – inglés\)](#)
- <https://www.gciencia.com/>
- <https://www.cirp.es/w3/publicacions/pub-0432.html>
- [Guía Breve para a Nomenclatura de Química Inorgánica](#)
- [DiGaTIC - Dicionario Galego das TIC](#)
- [Cartografía dos apelidos de Galicia \(CAG\)](#)
- <https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/snl/terminoloxia/descargas/TermosEsenciaisLogopedia.pdf>
- <http://www.engalegotamensefaiciencia.eu/>

- <https://youtubeiras.gal/inicio/>
- <http://anxopictogramas.blogspot.com/2020/10/que-ricos-os-bicos-cancion-con.html>
- [TI DÁLLE QUE MALO SERÁ: VÍDEOS](#)
- <http://tidallequemaloseira.blogspot.com/p/comprension-lectora.html>
- <http://patrimoniogalego.net/>
- <http://igaciencia.eu/gl/node/370/>
- <https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/conmemoracions/ciencia-en-galego>